



Guía Docente

Datos Identificativos					2021/22
Asignatura (*)	Fundamentos metodolóxicos e profesionais do ensino das linguas e literaturas galega e castelá en educación secundaria		Código	652608823	
Titulación					
Descritores					
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos	
Mestrado Oficial	Anual	Primeiro	Obrigatoria	4	
Idioma	CastelánGalego				
Modalidade docente	Presencial				
Prerrequisitos					
Departamento	Didácticas Específicas e Métodos de Investigación e Diagnóstico en Educación				
Coordinación	Cano López, Pablo		Correo electrónico	pablo.cano@udc.es	
Profesorado	Cano López, Pablo Ferreira Boo, María del Carmen		Correo electrónico	pablo.cano@udc.es m.fboo@udc.es	
Web					
Descrición xeral	<p>Con esta materia propoñémonos ofrecer orientacións sobre as vías de acceso ao exercicio profesional e, sobre todo, algúns criterios e modelos para o exercicio dos labores de programación e avaliación, que constitúen a cerna da profesión docente. Non temos, por suposto, a pretensión de receitar remedios específicos para todos e cada un dos problemas profesionais cos que ten que enfrontarse un docente. Se existen «fármacos» tales (cousa improbable, polo demais), nós ignoramos as súas fórmulas... O noso obxectivo é ben máis modesto. Consiste, por así o dicir, en botar a semente da reflexión metodolóxica, tanto máis necesaria canto máis precaria é a posición do docente nas aulas e menos segura a boa disposición do estudiantado. Estamos certos de que, se nós logramos plantala, os nosos alumnos serán quen a facer que xermole e prenda, que é, no fin de contas, o que máis importa.</p>				



Plan de continxencia	<p>1. Modificacións nos contidos</p> <p>Non haberá cambios dignos de mención.</p> <p>2. Metodoloxías</p> <p>*Metodoloxías docentes que se manteñen</p> <ul style="list-style-type: none"> - Sesión maxistral - Obradoiro - Proba de ensaio <p>A través das plataformas Moodle e Microsoft Teams, profesorado e alumnado teñen a posibilidade de transferir ao medio virtual as devanditas «metodoloxías». Se as circunstancias o aconsellan ou impoñen, levarase a cabo o traslado (introducindo, por suposto, algúns axustes indispensables para a adaptación ao novo ámbito).</p> <p>*Metodoloxías docentes que se modifican</p> <p>3. Mecanismos de atención personalizada ao alumnado</p> <ul style="list-style-type: none"> - Ao igual que en circunstancias normais, o/a docente consultará asiduamente a caixa de correo electrónico e procurará responder con tanta axilidade como sexa posible. - Durante as horas de titoría, o/a docente estará conectado á plataforma Teams, de tal maneira que os/as alumnos/as poidan facerlle tantas consultas como sexan necesarias (ben por escrito, ben mediante videochamada). <p>4. Modificacións na avaliación</p> <p>Farase todo o posible para que o abandono da presencialidade non implique cambios profundos nos procedementos de avaliación. Se as tentativas fracasasen ?cousa que non ten por que suceder?, procederíase, como último recurso, a aplicar a todo o alumnado o mecanismo previsto para os/as estudantes non presenciais.</p> <p>*Observacións de avaliación:</p> <p>5. Modificacións da bibliografía ou webgrafía</p> <p>De se tornar imposible o uso da biblioteca e do servizo de reprografía da Facultade, procurarase que o alumnado consulte algunhas referencias bibliográficas fundamentais, aloxadas nos andeis «en liña» da BUDC ou noutros arquivos e repositorios dixitais.</p>
-----------------------------	--

Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe	Competencias / Resultados do título		
	Os/as estudantes deben demostrar coñecemento teórico e dominio práctico dos principios e criterios que presiden o proceso de desenvolvemento e concreción do currículo (con especial atención aos que se refiren ao deseño de unidades didácticas, que e a súa derradeira fase).	AP20	
	AP21		CM3
	AP27		CM4
			CM6
Os/as estudantes deben familiarizarse coas concepcións «modernas» da avaliación, as cales, no canto de a reducir ao mero acto de corrigir e puntuar, prefiren contemplala como unha práctica que precede, acompaña e segue ao proceso de ensinanza-aprendizaxe (e que, por tanto, axuda a planificalo, a xestionalo e, por suposto, a valorar os seus resultados e extraer leccións para o porvir).	AP24		CM1
			CM3
			CM4
			CM6



Os/as estudantes deben achegarse ao problema das adaptacións curriculares, facendo seus os valores que subxacen a elas (respecto da diferenza, consideración por «o outro») e asimilando (reflexiva e mesmo criticamente, de ser preciso) algunhas das pautas e suxestións que para levalas a cabo propoñen os especialistas en orientación educativa.	AP20 AP21 AP27		CM1 CM3 CM4 CM6
Os/as estudantes deben coñecer, grosso modo, as etapas do proceso de selección do persoal docente dos centros de titularidade pública, tomando conciencia dos principios que o presiden (igualdade, mérito, capacidade) e establecendo as oportunas comparacións cos procedementos en uso nos países do noso contorno.			CM1 CM3 CM4

Contidos	
Temas	Subtemas
1. CUESTIÓNS PREVIAS	1.1. A noción de currículum 1.2. Os niveis de concreción curricular no sistema educativo español 1.3. A lingua e a literatura no marco legislativo do Ensino Secundario en Galicia
2. A PROGRAMACIÓN	2.1. A programación de aula: que é?, que criterios presiden a súa elaboración? 2.2. As unidades didácticas: que son?, como se deseñan?, cales son as condicións xerais que deben satisfacer?
3. APROXIMACIÓN METODOLÓXICA E INCORPORACIÓN DA LITERATURA INFANTIL E XUENIL NA AULA	3.1. A literatura infantil e xuvenil como parte do currículo? 3.2. Propostas de animación á lectura nas aulas de Secundaria Obrigatoria e Bacharelato 3.3. Análise de experiencias reais e os seus resultados
4. A AVALIACIÓN	4.1. A avaliación 4.1.1. Concepto e tipos 4.1.2. Obxectivos, criterios e instrumentos 4.2. Actos: que e como adoitamos avaliar os docentes de Lingua e literatura? 4.3. Propósitos: que e como debemos avaliar os docentes de Lingua e literatura?
5. A ATENCIÓN Á DIVERSIDADE NA ÁREA DE LINGUA E LITERATURA	5.1. Diversidade ou «diversidades»? 5.2. A atención á(s) diversidade(es), unha responsabilidade... e un desafío 5.3. Algunhas orientacións de alcance xeral
6. APÉNDICE: DE GRADUADO EN LINGUA E LITERATURA A TRABALLADOR DO ENSINO	6.1. O estatus laboral do docente na escola pública española 6.2. Vías de acceso ao exercicio profesional

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Sesión maxistral	A20 A21 A24 A27 C1 C3 C4 C6	6	10	16
Obradoiro	A20 A21 A24 A27 C1 C3 C4 C6	20	55	75



Traballos tutelados	A20 A21 A24 A27 C1 C3 C4 C6	0	6	6
Proba de ensaio	A20 A21 A24 A27 C1 C3 C4 C6	1	0	1
Atención personalizada		2	0	2

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Sesión maxistral	Os docentes farán unha presentación breve, mais substancial, das cuestións nucleares da materia, esforzándose en todo momento por poñer de manifesto que as disquisicións teóricas non son simples logomaquias, senón que teñen gran relevancia para a planificación do traballo de aula. Que é a teoría de hoxe senón o que fica tras someter a práctica de onte a un proceso ?descúlpese a metáfora? de filtrado e refinado?
Obradoiro	Espérase que o alumnado participe de xeito activo nos distintos obradoiros programados na aula, así como, se as houber, naquelas actividades que se leven a cabo fóra dela. A asistencia, imprescindible para optar á avaliación desta parte da materia, será controlada por el equipo docente. Cabe a posibilidade de que, para facilitaren a avaliación do seu labor, os/as estudantes teñan que entregar un portafolio no que quede constancia das súas reflexións sobre os asuntos abordados nos obradoiros.
Traballos tutelados	Baixo a dirección dos docentes, os/as estudantes terán que facer un bosquexo de unidade didáctica para as materias de Lingua Castelá e Literatura ou Lingua Galega e Literatura, orientada cara a alumnos/as de ESO ou Bacharelato.
Proba de ensaio	Nun exercicio que terá lugar en data e hora sinaladas con antelación abonda, os/as estudantes deberán mostrar o seu grado de asimilación das nocións que se lles presentaron e, sobre todo, das pautas que se lles ofreceron ao longo da materia.

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición
Obradoiro Traballos tutelados	Cando os/as alumnos/as leven a cabo tarefas de carácter propiamente creativo (sono case todas as relacionadas co deseño das programacións de aula), o equipo docente orientará os seus esforzos ofrecéndolles modelos ou consellos. Esta intervención poderá producirse tanto nas horas lectivas como nas de titoría.

Avaliación			
Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Obradoiro	A20 A21 A24 A27 C1 C3 C4 C6	Ao dito no apartado de «Metodoloxía» engadimos unha advertencia: a quen non asista regularmente non se lle valorarán as achegas que fixese no marco dos obradoiros.	50
Proba de ensaio	A20 A21 A24 A27 C1 C3 C4 C6	Nada que engadir ao que se dixo no apartado de «Metodoloxía».	20
Traballos tutelados	A20 A21 A24 A27 C1 C3 C4 C6	Nada que engadir ao que se dixo no apartado de «Metodoloxía».	30

Observacións avaliación



- Para aprobar a materia cómpre superar todas as partes (en calquera das dúas oportunidades), polo que será necesario obter no mínimo o 50% da puntuación en cada unha delas. Na segunda oportunidade, o alumnado só repetirá as partes suspensas e manterá a cualificación daquelas que fosen superadas.

- Os/as estudantes que se ausenten en máis dun 20% das horas lectivas serán avaliados soamente por medio da proba de ensaio, tanto na primeira como na segunda oportunidade. A(s) tarefa(s) encomendadas a estes/as alumnos/as poderán diferir (en forma e/ou contido) das que se lle asignen ao resto do alumnado. - Os/as estudantes que contan coa dispensa académica suplirán a participación nas actividades presenciais mediante a entrega de breves exercicios escritos (que lles serán propostos polo equipo docente).

- Os traballos entregaranse, por defecto, de xeito telemático. De non ser posible, recoméndase que non se utilicen plásticos na encadernación, que se imprima a dobre cara e que se empregue papel reciclado. Cómpre, en suma, facer un uso sustentable dos recursos, a fin de evitar impactos negativos sobre o medio natural. Nos nosos comportamentos persoais e profesionais, debemos abrazar principios éticos relacionados cos valores da sustentabilidade.

Fontes de información



Bibliografía básica

Ballester, J. (2015). La formación lectora y literaria. Barcelona: Graó. Bordons, G., Díaz-Plaja, A. (Coords.). Enseñar literatura en secundaria. La formación de lectores críticos, motivados y cultos. Barcelona: Graó. Brottmann, M. (2018). Contra la lectura. Barcelona: Blackie Books. Cassany, D. et alii (2007). Enseñar lengua (14.ª ed.). Barcelona: Graó. Colomer, T. (Coord.) (2009). Lecturas adolescentes. Barcelona: Graó. Guijarro Ruiz, P. e Caro Valverde, M.ª T. (Coords.) (2015). Didáctica de la lengua y educación literaria. Madrid: Pirámide. Jover, G. (2007). Un mundo por leer. Barcelona: Octaedro. Jover, G. (Coord.) (2009). Sentirse raro. Miradas sobre la adolescencia. Málaga: Junta de Andalucía. Recuperado de <http://www.juntadeandalucia.es/educacion/webportal/abaco-portlet/content/015af83c-3362-4f74-929c-af321e6e6f36M>

artín Vegas, R. A. (2009). Manual de didáctica de la lengua y la literatura. Madrid: Síntesis. Muriano Rodríguez, M. M. (2018). «O cofre dos libros»: unha proposta de ensino-aprendizaxe de Literatura Infantil e Xuvenil a través de Twitter. En E. de la Torre Fernández (ed.) (2018). Contextos universitarios transformadores: retos e ideas innovadoras. II Xornadas de Innovación Docente. Cufie. Universidade da Coruña, pp. 81-100. DOI capítulo: <https://doi.org/10.17979/spudc.9788497496780.081>

Muriano Rodríguez, M. M.; Mosquera Castro, E. (2019). Palabras que moven o mundo: o ensino da literatura máis aló das aulas universitarias. En De la Torre Fernández, E. (ed.) (2019). Contextos universitarios transformadores: construíndo espazos de aprendizaxe. III Xornadas de Innovación Docente. Cufie. Universidade da Coruña. A Coruña (pp. 269-290). DOI capítulo: <https://doi.org/10.17979/spudc.9788497497121.269> DOI libro: <https://doi.org/10.17979/spudc.9788497497121>

Pennac, D. (2006). Como una novela. Madrid: Anagrama. Pérez-Corbacho, J. (coord.) (2005). Cómo hacer programación didáctica y unidades didácticas: muestra de unidades (castellano, catalán, gallego e inglés). Granada: Grupo Editorial Universitario. Prado Aragonés, J. (2011). Didáctica de la lengua y la literatura para educar en el siglo XXI (2.ª ed.). Madrid: La Muralla. Rodari, G. (2013). Gramática da fantasía: introdución á arte de contar historias (S. Gaspar, trad.) (2ª ed.). Pontevedra: Kalandraka. Roig Rechou, B. A. (2015). Historia da Literatura Infantil e Xuvenil Galega. Vigo: Xerais. Ruiz Bikandi, U. (Coord.) (2011a). Didáctica de la lengua castellana y la literatura. Barcelona: Graó. Ruiz Bikandi, U. (Coord.) (2011b). Lengua castellana y literatura. Investigación, innovación y buenas prácticas. Barcelona: Graó. Sevillano, M.ª L. et alii (2011). Programar en Primaria y en Secundaria. Estrategias y procesos. Madrid: Pearson. Xunta de Galicia (2016). A lectura, unha chave de futuro. Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria. Recuperado de https://www.cultura.gal/sites/default/files/guia_lecturachavedefuturo_def.pdf

Marco normativo e cuestións conexas
Goberno de España. Ministerio de Educación, Cultura e Deporte. Ley Orgánica 2/2006, de 3 de mayo, de Educación [texto consolidado]. Disponible en: <http://www.boe.es/buscar/act.php?id=BOE-A-2006-7899>.
Goberno de España. Ministerio de Educación, Cultura e Deporte. Ley Orgánica 8/2013, de 9 de diciembre, para la mejora de la calidad educativa. Boletín Oficial del Estado, 295 (10-12-2013). Disponible en: http://www.boe.es/diario_boe/txt.php?id=BOE-A-2013-12886.
Goberno de España. Ministerio de Educación, Cultura e Deporte. Real Decreto 1105/2014, de 26 de diciembre, por el que se establece el currículo básico de la Educación Secundaria Obligatoria y del Bachillerato. Boletín Oficial del Estado, 3 (3-1-2015). Disponible en: http://www.boe.es/diario_boe/txt.php?id=BOE-A-2015-37.
Goberno de España. Ministerio de Educación, Cultura e Deporte. Orden ECD/65/2015, de 21 de enero, por la que se describen las relaciones entre las competencias, los contenidos y los criterios de evaluación de la educación primaria, la educación secundaria obligatoria y el bachillerato. Boletín Oficial del Estado, 25 (29-1-2015). Disponible en: http://www.boe.es/diario_boe/txt.php?id=BOE-A-2015-738.

Xunta de Galicia. Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria. Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia. Diario Oficial de Galicia, 120 (29-6-2015). Disponible en: http://www.xunta.es/dog/Publicados/2015/20150629/AnuncioG0164-260615-0002_gl.html.
Xunta de Galicia. Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria. Habilitacións: habilitacións para a docencia en centros privados. Disponible en: <https://www.edu.xunta.es/habilitacions/>.
Xunta de Galicia. Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria. Oposicións: xestión de oposicións e tribunais. Disponible en: <https://www.edu.xunta.es/oposicions/Paxinalnicio.do>.



Bibliografía complementaria	<p>Bibliotecaescolar.info (2014). Constelaciones literarias. Acercar los lectores a los textos. Itinerarios de lectura para Educación Secundaria. Blog recuperado de http://bibliotecaescolarinfo.blogspot.com.es/2014/05/constelaciones-literarias-acercar-los.html</p> <p>Biblioteca Nacional de España, Gobierno de España, Ministerio de Educación, Cultura y Deporte. Literatura infantil y juvenil. Guía de recursos bibliográficos. Recuperado de http://www.bne.es/permalink/bdcfa61a-3831-11e0-80cd-0018fe323fc3.html</p> <p>Blog das Bibliotecas escolares de Galicia. Recuperado de https://www.edu.xunta.es/biblioteca/blog/Centro Virtual Miguel de Cervantes</p> <p>Biblioteca de literatura infantil y juvenil. Recuperado de http://www.cervantesvirtual.com/seccion/bibinfantil/</p> <p>CLIJ. Cuadernos de literatura infantil y juvenil. Recuperado de http://www.revistaclij.com/</p> <p>Criaturas. Revista dixital de literatura infantil e xuvenil. Recuperado de http://www.criaturas.gal/</p> <p>Doval Porto, I. e García García, Ch. (2017). Guía de estilo APA, 6ª edición. Elaborado pola Biblioteca da Facultade de Ciencias da Educación da Universidade da Coruña . A Coruña: Universidade da Coruña. Recuperado de http://www.educacion.udc.es/biblioteca/userfiles/Normas%20APAguia%20da%20biblioteca%202017.pdf</p> <p>Gálix (Asociación Galega do Libro Infantil e Xuvenil). Recuperado de http://www.galix.org/</p> <p>González Guerra, A. e Ogando Valcárcel (s. d.). Galego: exercicios e pseudónimos. Recuperado de http://ogalego.eu/</p> <p>International Board on Books for Young People. Recuperado de http://www.ibby.org/</p> <p>Lomas, C. (1999). Cómo enseñar a hacer cosas con las palabras: teoría y práctica de la educación lingüística. Barcelona: Paidós.</p> <p>Lomas, C. e Osoro, A. (Comps.) (1993). El enfoque comunicativo en la enseñanza de la lengua. Barcelona: Paidós.</p> <p>Lomas, C. et alii (1993). Ciencias del lenguaje, competencia comunicativa y enseñanza de la lengua. Barcelona: Paidós.</p> <p>López Valero, A. e Encabo Fernández, E. (2001). El desarrollo de habilidades lingüísticas: una perspectiva crítica. Granada: Grupo Editorial Universitario.</p> <p>López Valero, A. e Encabo Fernández, E. (2002). Introducción a la didáctica de la lengua y la literatura: un enfoque sociocrítico. Barcelona: Octaedro.</p> <p>Mendoza Fillola, A. et alii (1996). Didáctica de la lengua para la Enseñanza Primaria y Secundaria. Madrid: Akal.</p> <p>Mendoza Fillola, A. (Coord.) (1998). Conceptos clave en didáctica de la lengua y la literatura. Barcelona: S. E. D. L. L. / UB ? I. C. E. / Horsori.</p> <p>Mendoza Fillola, A. (Coord.) (2003). Didáctica de la lengua y la literatura para Educación Primaria. Madrid: Pearson.</p> <p>Muriano Rodríguez, M. Ensinar deleitando. Blogue de Montse Muriano Rodríguez sobre Didáctica da Lingua e da Literatura. Recuperado de http://ensinardeleitando.blogspot.com/Muriano Rodríguez, M. Conta da docente na rede social Instagram para uso académico: @montsemurianor</p> <p>Muriano Rodríguez, M. Conta da docente na rede social Twitter para uso académico: @montsemr</p> <p>Muriano Rodríguez, M. Pinterest: Os imprescindíbeis da nosa biblioteca de profes. Recuperado de https://www.pinterest.es/montsemurianor/os-imprescind%C3%ADbeis-da-nosa-biblioteca-de-profes/OEPLI</p> <p>Organización Española para el Libro Infantil y Juvenil. Recuperado de https://www.oepli.org/</p> <p>Onrubia Goñi, J. (Coord.) (2004). Criterios psicopedagógicos y recursos para atender la diversidad en Secundaria. Barcelona: Graó.</p> <p>Pérez Esteve, P. e Zayas, F. (2007). Competencia en comunicación lingüística. Madrid: Alianza Editorial.</p> <p>Pizca de Papel. Web especializada en Literatura infantil y juvenil. Recuperado de http://elblogdepizcadepapel.blogspot.com.es/</p> <p>Revista Babar. Recuperado de http://revistababar.com/web/</p> <p>Serrano, J. e Martínez, J. E. (Coords.) (1997). Didáctica de la lengua y la literatura. Barcelona: Oikos-Tau.</p> <p>Unamuno, V. (2003). Lengua, escuela y diversidad sociocultural: hacia una educación lingüística crítica. Barcelona: Graó.</p> <p>Xunta de Galicia (2019). Libros infantís e xuvenís de Galicia 2019 . Santiago de Compostela: Xunta de Galicia. Recuperado de https://rbgalicia.xunta.gal/sites/default/files/documents/aviso/galix_2019_web.pdf</p>
------------------------------------	--

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Observacións



(*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías